

## Acta da Comisión Permanente Extraordinaria da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 8 de xuño de 2020

### Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 08/06/2020
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 08/06/2020
- III. Modificacións das guías docentes do curso 2019/2020

Ábrese a sesión ás 12 horas e 00 minutos na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, de acordo sobre a presentación de emendas ao documento “Medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente do curso 20/21”.**

A Directora aclara que este punto xa se tratou na sesión extraordinaria da Xunta de Escola de hoxe as 10:00 e, polo tanto, se retira da orde do día.

2. **Aprobación, se procede, de modificacións das guías docentes do curso 2019/2020.**

A Presidenta agradece en primeiro lugar o traballo das persoas coordinadoras das titulacións do centro e lembra os procedementos previos de adaptación das guías á situación de docencia non presencial. Sinala que agora se trata de adaptar as guías para a avaliación da segunda oportunidade tendo en conta que os exames serán non presenciais.

A Presidenta lembra que as modificacións das guías foron enviadas previamente aos membros da comisión, cos axustes propostos marcados en verde, e propón revisalas titulación por titulación.

A continuación a Directora cede a palabra a David Patiño, coordinador do Grao en Enxeñaría da Enerxía (GEE), para que expoña as principais modificacións propostas nas guías das materias deste grao. Este comenta que os cambios son puntuais e moi poucos xa que se non se especificaba o carácter presencial da proba e o tipo da mesma se vai manter, non se require a modificación da guía.

A comisión aproba por asentimento as modificacións propostas para as guías do GEE.



A continuación a Directora cede a palabra a María Araújo, coordinadora do Grao en Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos (GERME), para que expoña as principais modificacións propostas nas guías das materias deste grao. Esta comenta que os cambios son puntuais nas materias comúns aos dous graos e algo maiores nas materias propias, xa que ao ter pouco alumnado tendeu a incluír a avaliación oral.

A comisión aproba por asentimento as modificacións propostas para as guías do GERME.

Por último, cede a palabra a Teresa Rivas, que foi quen coordinou o proceso de revisión das guías doentes no Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (MUEM), para que expoña as principais modificacións nas guías. Esta comenta que hai cambios en 6 materias, consistentes basicamente na modificación dos pesos das diferentes metodoloxías, e aclara que todos eles son razoables e se axustan ás recomendacións.

A comisión aproba por asentimento as modificacións propostas para as guías do MUEM.

A Directora agradece a labor das persoas coordinadoras, do profesorado e da delegación de alumnado e comenta que todas as modificacións aprobadas das guías se publicarán no espazo habilitado na web do centro e na plataforma DocNet.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 10 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a oito de xuño de dous mil vinte.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



## **ANEXO I**

**Convocatoria da Comisión Permanente do 08/06/2020**



## **ANEXO II**

**Asistentes á Comisión Permanente do 08/06/2020.**



<b>Asistentes á Comisión Permanente do 8 de xuño de 2020</b>
<b>Presidenta da Comisión</b>
Elena Alonso Prieto
<b>Secretario da Comisión</b>
Guillermo García Lomba
<b>Subdirector/a</b>
María Araújo Fernández
<b>PROFESORADO</b>
Alfonso Mandado Vázquez
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
M <sup>a</sup> del Carmen Pérez Pérez
Teresa Rivas Brea
<b>ESTUDANTES</b>
Alejandro Casal Barreiro
Santiago Domínguez Blanco
Belén Parente Artime
<b>PAS</b>
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez



## **ANEXO III**

Modificacións das guías docentes do curso 2019/2020